



*Unha das
leccións das
plantas é o valor
de ficar quedos,
de sabermos
agardar*

A doutora en
Xeobioloxía
e escritora
Hope Jahren.

Convén saber distinguir entre un fenómeno literario e un fenómeno editorial. O primeiro quedará, dun xeito ou doutro, vinculado á crítica da literatura (ensino, comparatística, estilo) mentres que o segundo non terá, normalmente, máis teito que a tripla satisfacción do lector, e do autor e do editor polos resultados de ventas. Neste segundo grupo poderíamos situar *Lab Girl*, que paidós vén de publicar en castelán como *La memoria secreta de las hojas*. O título reflicte un dos elementos do libro: a divulgación que dos misterios do mundo vexetal fai a súa autora.

Nacida en Minnesota (Estados Unidos) nunha familia de orixes suecas, Hope Jahren é doutora en Xeobioloxía e, despois de dar clases en diversas universidades americanas, reside actualmente en Oslo (Noruega). Gañadora de tres premios Fulbright na súa especialidade, obtivo tamén, no ano psado, o Premio do Círculo Nacional [EUA] de Críticos do Libro no apartado de memorias e autobiografía.

Porque esta obra da Dra. Jahren non é soamente unha ferramenta de divulgación da vida (no tempo) de árbores e plantas. Constitúe o libro, sobre todo, unha confesión totalmente aberta da súa evolución como científica, sen agochar as súas circunstancias

persoais, adversas algunhas delas. Unhas confidencias realizadas sen procurar a paixón nin a admiración; simplemente, expostas de maneira impecable, sen pedantería nin exceso de didáctica.

Ao contrario. Cando Hope Jahren escribe das plantas e das árbores, está a transmitir o seu entusiasmo, a súa paixón polo evoluir que tivo o mundo vexetal en millóns de anos e, non podía ser menos, o seu pesadume perante a agresividade humana na súa explotación. Unha paixón que nace de considerar –ou mellor, non esquecer– que os vexetais son seres vivos e, en consecuencia, sometidos ás leis naturais que conducen á morte.

Rapariga de laboratorio

Porque as follas si teñen alma

JOAQUIM VENTURA

E para iso, precisan dunhas estratexias ben diferentes ás dos animais, partindo da circunstancia elemental de que plantas e árbores non teñen a mobilidade destes. Polo tanto, cómprelles a procura do sol –imprescindible para a fotosíntese– coas follas, e dos nutrientes da terra –auga, minerais– coas raíces. E unha vez obtido o resultado en forma de azucres, amidóns, aceites ou proteínas, decidir se o obxectivo nese momento é medrar, repararse, defenderse ou reproducirse.

Jahren considera artística a dimensión científica do estudo das plantas e por iso lamenta que a acción humana teña reducido o papel dos vexetais a tres obxectivos: ali-

mento, medicina e madeira (cumpriría engadir e ornamentación) e para iso devastamos biosistemas, sen apenas conciencia, en nome do proveito inmediato. O labor de millóns de anos reducido a nada a golpe de escavadora.

E unha das leccións que podemos tirar das plantas é o valor de ficar quedos, de saber esperar. Como fan moitas sementes, a da cereixa por exemplo, capaces de agardar anos e anos ata que chegue o momento axeitado. Ou a capacidade dalgunhas árbores de sacrificar unha parte delas para que o resto resulte viable.

Jahren saúda as campañas institucionais de repoboación forestal porque hoxe, nas cidades, os vexetais están ausentes en beneficio do cemento e do alcatrán. Pero tamén anima as iniciativas individuais cando sexa posible e aconsella que, postos a elixir unha árbore, optemos polos carballos: sempre haberá unha especie axeitada para cada lugar.

E todo isto sen agochar a dimensión persoal, tanto da cara satisfactoria da vida como das adversidades. Posiblemente por iso, Hope Jahren confese que a ciencia –no seu caso, estudar as plantas– alimenta a súa propia existencia. Ou que se identifique coa hiedra velenosa –malia ser alérxica a ela– pola forza que acada malia a súa febleza.